

BASES DO CONCURSO 2010 "FOTOGRAFÍA E MÁIS"

REDMONTAÑAS aproveita a ACCIÓN MONTAÑAS EN REDE 2010 para celebrar o "CONCURSO 2010 DE FOTOGRAFÍA E MÁIS" en defensa das Montañas

OBXECTIVO:

Xerar sensibilidade social cara as Montañas e lembrar aos nosos responsábeis políticos que AS MONTAÑAS PRECISAN ATENCIÓN.

QUEN PODE PARTICIPAR?

Montañeiros/as, habitantes das montañas e amantes da natureza de todas as nacionalidades e idades: en xeral, todos os/as que pensan que a montaña é un gran espazo de vida e un gran motivo para vivir.

EN QUE CONSISTE O CONCURSO?

Premiaranse as mellores fotos realizadas durante a participación nas ascensións Montañas en Rede 2010. Tamén haberá un premio para a mellor "Foto con Historia" (ou Historia dunha Foto, como prefirades).

DEFINICIÓN DE 'MELLOR FOTO'?

Déixase á libre interpretación do fotógrafo: bela, imaxinativa, creativa, expresiva, divertida, "currada", reivindicativa, comprometida, orixinal, máxica, ...e as súas combinacións.... No referente á Historia, unha boa Historia poderá apoiar unha boa Foto, e viceversa.

ELEMENTOS INDISPENSÁBEIS DAS FOTOS:

Montañas e pancartas da campaña 2010. As persoas tamén son fundamentais, pero non se sinalan como indispensables para non coartar a creatividade dos autores.

QUEN SERÁ O XURADO?:

- Membros da Xunta Directiva de RedMontañas
- Darío Rodríguez (Editorial Desnivel)
- Sebastián Álvaro ("Al Filo de lo Imposible")

QUE PREMIOS HABERÁ?

- Primeiro Premio de Fotografía: 350 Euros
- Segundo Premio de Fotografía: 250 Euros
- Terceiro Premio de Fotografía: 150 Euros
- Premio Único Foto con Historia: 250 Euros
- E outros Dez Premios á Participación & Entusiasmo: Agasalliños variados para os 10 finalistas de ambas as dúas categorías, por cortesía das nosas Entidades Colaboradoras (Viaxes Trekking e Aventura, Editorial Desnivel e a Federación Vasca de Montañismo-Euskal Mendizale Federazioa).

Nota formalista: Os premios en metálico estarán suxeitos á retención do IRPF

correspondente, segundo a lexislación vixente. O certificado de retención entregárase xunto ao premio en cuestión.

QUE TEÑO QUE FACER PARA PARTICIPAR?: Moi doado:

- Selecciona a túa mellor foto da Acción Montañas en Rede 2010.
- Recúrtaa a uns 1.200 x 900 píxels para que pese pouco e carregala doadamente na Galería de fotos (GARDA O ORIXINAL, CLARO!!).
- Sobe a túa foto na Galería 2010.
- Enche os campos de datos, sen esquecer o Correo electrónico DO/A AUTOR/A (Este último dato quedará oculto, en cumprimento da Lei de Protección de Datos, pero serviranos para comunicarnos contigo se a túa foto é seleccionada).
- Se tes problemas para cargar a foto, envíaa por correo electrónico con todos os datos indicados a coordinacion@redmontanas.org
- Se a túa Foto ten unha boa Historia, cóntanola nunhas 400 palabras e envíaa por correo electrónico a coordinacion@redmontanas.org indicando nome do autor e os restantes datos da túa foto.

CÓMO E CANDO FALLARASE O CONCURSO?

Deixaranse 2 semanas de prazo para que todo o mundo presente as súas fotos. RedMontañas porase en contacto cos autores das fotos preseleccionadas para pedirles o orixinal en alta resolución (mínimo 3Megas) e o fallo do concurso farase público a 3ª semana do mes de xuño de 2010. As Fotos e Historias premiadas quedarán publicadas permanentemente nalgún sitio especial da Web de RedMontañas, xa pensaremos onde. (Ademais todas as fotos, gañadoras ou non, quedarán publicadas na Galería 2010. O importante sempre é participar.)

OUTRAS FORMALIDADES:

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases, o que significa que contamos co voso permiso implícito para a publicación das fotos e textos, premiados ou non, na Web de RedMontañas, ou para a súa utilización por parte de RedMontañas noutros posibles medios audiovisuais (libros, trípticos, etcétera), indicando sempre que se poida o nome do autor, ou en caso necesario indicando unicamente "Foto Cortesía RedMontañas".

Ningún autor perderá os dereitos sobre as súas fotos e textos, o que quere dicir que calquera poderá facer cos orixinais das súas fotos e textos o que queira, por exemplo publicalas noutros medios ou presentarse a outros concursos.

RedMontañas comprométese a non ceder as vosas fotos ou textos a terceiros, e a non facer uso lucrativo das fotos ou textos enviados, estean ou non premiados. O único uso posible por parte de RedMontañas será o vencellado ás actividades e fins propias da Asociación, isto é, accións e produtos destinados á sensibilización e divulgación a favor da conservación das montañas do estado.

Se o xurado así o estimara, todos ou algúns dos premios poderían quedar desertos, pero iso non vai pasar porque estamos seguros de que enviaredes moitas cousas ESTUPENDAS.